

Normativa Galega sobre Medio Ambiente

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
Santiago de Compostela, 2004

NOTA PRELIMINAR

Esta recompilación xurídico – ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia está actualizada con data do 1 de setembro deste ano. Nela dispúxose unha estrutura composta por bloques temáticos, cada un deles coa súa correspondente listaxe de normas, de xeito que se poidan localizar da maneira máis rápida e eficaz posible. Ademais do formato papel, xúntase un CD-Rom de fácil manexo e que permite un acceso rápido e eficaz a toda a información da obra desde o seu PC.

Para unha maior utilidade e comprensión, todas as normas ambientais que aparecen no texto están completamente actualizadas, xa que se incorporaron as correspondentes modificacións así como as correccións de erros. Desta maneira, e mediante notas explicativas a pé de páxina, o usuario terá coñecemento de que normas tiveron correccións de erros e cales foron obxecto de modificación posterior. Así, ademais de facer unha chamada xeral a cada norma modificada, cada artigo ou disposición que sufrise modificación ou, se é o caso, derogación estará igualmente indicado mediante as pertinentes notas a pé de páxina.

Quince son os puntos en que aparece estruturada esta publicación, referíndose os dous primeiros á **Constitución española** e ao **Estatuto de autonomía de Galicia** como marco xeral de referencias da materia e onde soamente se incluíron aquelas disposicións referidas ao medio ambiente.

Un terceiro punto, dedicado á **estrutura orgánica** da Consellería de Medio Ambiente, ten por obxecto amosar a regulación relativa á organización, funcionamento e competencias dela así como os distintos órganos que dela dependen.

De seguido establécense aqueles bloques considerados propiamente ambientais e que son os seguintes: **montes veciñais en man común; recursos forestais; defensa contra incendios; conservación da natureza**, cos puntos relativos a espazos naturais e biodiversidade; **recursos cinexéticos e piscícolas; avaliación ambiental; protección ambiental**, no cal se inclúen subpuntos referidos á contaminación atmosférica, contaminación acústica así como á inspección e intervención ambiental; **calidade ambiental**, co punto dedicado aos residuos, tanto urbanos como perigosos; **formación ambiental e augas**.

Como derradeiros puntos desta recompilación normativa incorporáronse un dedicado a **premios**, no cal se regulan e recollen as modalidades do premio Galicia-Medio Ambiente; e un derradeiro, relativo ás **fundacións** de interese ambiental existentes na Comunidade Autónoma galega.

Edita: XUNTA DE GALICIA
Consellería de Medio Ambiente

Dirección: Justo de Benito Basanta
Secretario Xeral da Consellería de Medio Ambiente

Coordinación: Beatriz Cuiña Barja
Vicesecretaria Xeral da Consellería de Medio Ambiente
Alejo Calatayud Álvarez
Técnico en Medio Ambiente

Realiza: DIFUX, S.L.

ISBN: 84-453-3877-3

Dep. Legal: C-2224-2004

7.3 BIODIVERSIDADE

7.3.1. Flora

**Orde do 10 de decembro de 1984, sobre protección do acivro
(*Ilex aquifolium*, L.) no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia**
(DOG nº 240, do 15 de decembro de 1984)

De acordo co establecido no Real Decreto 3091/82, do 15 de outubro de 1982, sobre protección de especies ameazadas da flora silvestre e en especial o disposto no artigo 6.º, considerando a importancia ecolóxica do acivro e a súa utilidade para a fauna silvestre, a proposta da Dirección Xeral do Forestal e do Medio Ambiente Natural,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Declárase o acivro (*Ilex aquifolium*, L) especie protexida no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º

Esta protección supón a prohibición de arrinca, recollida, corta e desenraizamento desta especie, incluídas as súas sementes, así como a súa comercialización, excepto para finalidades científicas ou educativas, que requirirán a autorización previa da Dirección Xeral do Forestal e do Medio Ambiente Natural.

Artigo 3º

Queda exceptuada do contido desta Orde, a planta ou semente producida en viveiro que acredite a súa orixe.

Artigo 4º

A inobservancia ou infracción do disposto nesta Orde da Consellería, serán sancionadas segundo o disposto na Lei de montes, do 8 de xuño de 1957, e no Regulamento para a súa aplicación do 22 de febreiro de 1962.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 1984

Fernando Garrido Valenzuela

Conselleiro de Agricultura, Pesca e Alimentación